
Agrostis canina L., 1753

leiburiña de can, panasco, fananco, agrosta, agroste
agróstide canina, a. perruna
txalaparta belarra

velvety bentgrass, velvet bent, brown bent
aveia canina



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA PM

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Liliopsida**	**Poales**	**Poaceae**	***Agrostis***

ORIXE

Europa e Asia.

CARACTERÍSTICAS

Planta perenne, cespitosa, con estolóns e rizomas. Talos erectos ou xeniculados de ata 60 cm. Follas algo enroladas, de ata 3 mm de ancho, escábridas, con lígulas agudas, as das follas basais de ata 2 mm e as caulinas ata 3 mm. Inflorescencia en panícula ovoidea a piramidal, de cor violácea. Espículas con glumas case iguais, con 1 nervio. Lema con 5 nervios, sen aresta. Pálea bífida, moito menor cá lema.

HÁBITAT

Lugares húmidos e con solos pobres en nutrientes, como pasteiros, cunetas, bordos de lagos, beiras de gabias e camiños. Adáptase a unha ampla gama de altitudes, dende o nivel do mar ata a zona alpina.

DISTRIBUCIÓN

A maior parte de Europa e zonas temperadas de Asia.

CURIOSIDADES

É moi apreciada para a creación de *greenes* de campos de golf pola súa capacidade para formar unha cuberta densa e fina.